

The background features a close-up, slightly blurred view of several wooden planks stacked together. A large, semi-transparent red rectangle is overlaid on the left and center of the image, serving as a background for the text.

MEMORIA ANUAL 2025

ASOCIACIÓN DEREITO A
MORRER DIGNAMENTE
G A L I C I A

derechoamorir.org

Presentación

A difusión do documento de instrucións previas, ou testamento vital, ocupou un ano máis a maior parte da actividade da directiva e os activistas de DMD Galicia. Estivemos alí onde se solicitou a nosa participación, en actos encabezados polas nsas representantes ou en mesas redondas compartidas con outras entidades asociativas ou administracións.

Esta actividade, informativa e concienciadora dos dereitos ao final da vida, levounos a participar en actos con entidades coma APAMP Vigo-Aspace (traballa con familiares e persoas con parálise cerebral); ALCER (Asociación para a loita contra as enfermidades renais); ALENTO Vigo (Asociación que traballa con persoas afectadas por dano cerebral). Estivemos presentes de novo en actos organizados nas Aulas +60 de Afundación-ABANCA, onde sempre contamos coa axuda e participación do seu equipo e da numerosa asistencia. Estivemos tamén co alumnado das escolauniversitaria de Traballo Social, integrada na USC, onde se forman os rapaces e as rapazas que terán nun futuro próximo un importante papel na difusión dos dereitos das persoas ao final da vida.

Este 2025 celebramos unha nova edición das nosas xornadas sobre a morte digna. Máis de cen persoas asistiron na facultade de Psicoloxía da USC a dúas longas e interactivas mesas redondas. O papel do sufrimento no proceso eutanásico centrou boa parte dos debates, que concluíron remarcando a necesidade de formación, de información e de empatía para abordar o proceso.

No terreo político, comezamos o ano concentrándonos de novo na compostelana Praza do Obradoiro, coa reivindicación ao goberno e ás institucións de que o doce de xaneiro, día da morte de Ramón Sampedro, sexa considerado Día da Morte Digna en Galicia,

No Parlamento Galego, a deputada nacionalista Montse Prado esixiulle á Xunta que cumpra a LORE, informando aos cidadáns e formando aos profesionais. "O que non se coñece, non se demanda", afirmou a representante do BNG; Montse Prado fixose eco na comisión de sanidade doutra das reivindicacións pranteadas previamente por DMD G, a que esixe a difusión axeitada do testamento vital, e o retraso inadmisíbel de ata un ano para incorporar ese documento ás historias clínicas dos galegos e galegas.

No terreo político podemos encadrar tamén o escrito enviado pola directiva de DMD G ao conselleiro de Sanidade, no que expresábase todas as nosas reivindicacións e dúbidas sobre a deficiente promoción e cumprimento en Galicia dos dereitos contemplados na LORE. En contra do habitual, o conselleiro e o seu departamento contestaron ao noso escrito, admitindo entre outras cousas o retraso na incorporación do testamento vital ás historias clínicas.

Amais dos comunicados e entrevistas realizados, a DMD G fixo neste 2025 dúas roldas de prensa, celebradas en Vigo con abundante cobertura mediática, a primeira delas pouco antes da concentración do doce de xaneiro, e a segunda antes da terceira xornada da morte digna.

ACCIÓN POLÍTICA

Extracto do plan estratéxico de DMD Federal (2022-2026)

- Visibilizar o traballo de DMD: defender os dereitos ao final da vida; monitorizar a aplicación da LORE; denunciar incumprimentos, etc.
- Contribuír á reflexión e ao debate sobre a autonomía ao final da vida e morte voluntaria.
- Mantermos como entidade de referencia en materia de eutanasia e boa morte.

As institucións teñen un papel fundamental na promoción da morte digna como un valor social, por elo, desde DMD Galicia continuamos impulsando o mantemento e a creación de espazos de relación e participación con distintas institucións do ámbito municipal, autonómico e da administración así como con asociacións afíns. Neste sentido, as accións máis significativas foron:

Incidencia a nivel autonómico.

- Gaza non pode agardar.

A xunta directiva de DMD Galicia decidiu, por unanimidade asinar un manifesto crítico coa situación en Gaza. O texto, titulado “Gaza non pode agardar”, foi promovido pola UNRWA a UNICEF, a Plataforma Cívica de Vigo pro Palestina (promovida pola Comisión cidadá pro Palestina), a Asociación en Defensa da Sanidade Pública, Amnistía Internacional, CCOO, EU, e arredor de 50 asociacións máis”

- O BNG esíxelle á Xunta que cumpra a LORE, informando aos cidadáns e formando aos profesionais.



“O que non se coñece, non se demanda”, dixo no parlamento galego a deputada nacionalista Montse Prado, en referencia á escasa información e difusión que a Xunta de Galicia fai do dereito a unha morte digna, contemplado na lei de regulamentación da eutanasia. A representante do Bloque Nacionalista Galego levou á comisión de Sanidade da cámara galega as reivindicacións formuladas nunha reunión previa pola dirección de DMD Galicia.

Montse Prado afirmou que “se a lei non se cumpre, convértese en papel mollado, e mentres non se fomente un coñecemento axeitado da lexislación e non se poñan os recursos necesarios, miles de galegos e galegas seguen sen poder exercitar o dereito fundamental a ter unha morte digna”.

A deputada nacionalista pediulle á Xunta que “abandone a resistencia masiva” e facilite a información e difusión necesaria sobre o testamento vital. Montse Prado denunciou tamén os retrasos de ata un ano na incorporación do documento de instrucións previas, tamén coñecido como testamento vital, á historia clínica das persoas. A representante nacionalista esixiu logo que se coñeza o número de profesionais sanitarios obxectores á práctica da morte digna. Por parte do goberno galego respondeu Natalia Lobato, secretaria xeral técnica da consellería de Sanidade, que asegurou que a Xunta era consciente da necesidade de difundir a lexislación sobre a morte digna, e de agilizar a inclusión do documento de instrucións previas na historia clínica dos doentes, e remato sinalando que “non hai demora para as inscricións de documentos de persoas que o necesitan con urxencia”.

ACCIÓN POLÍTICA

- DMD Galicia pídelles explicacións ao conselleiro de Sanidade polos retrasos arredor do testamento vital.

A directiva de DMD Galicia acordou dirixirse por ✉ **escrito ao conselleiro de Sanidade**, Antonio Gómez Caamaño, para pedirlle explicacións sobre a situación do Rexistro Galego de Instrucións Previas (REGAIP), e sobre os retrasos na incorporación dos testamentos vitais ás historias clínicas dos galegos e galegas. A carta, enviada por rexistro o 30 de abril, sinala que DMD G considera claramente insuficiente o número de unidades habilitadas en Galicia para formalizar o rexistro de instrucións previas, 89 no momento deste envío. “Máis grave aínda, segue o escrito, nos parece a demora na incorporación dos documentos de instrucións previas, coñecidos popularmente como testamentos vitais, ás historias clínicas; segundo as queixas que recibimos en DMD Galicia, hai casos nos que o documento tarda arredor dun ano en estar dispoñible na historia clínica correspondente”.

- O conselleiro de Sanidade contestou ao escrito reivindicativo da DMD Galicia

O conselleiro de Sanidade, Antonio Gómez Caamaño, contestou ao escrito enviado pola directiva de DMD G, recoñecendo por primeira vez desde a administración autonómica a DMD como colectivo representativo das persoas que loitan por unha morte digna. A ✉ **carta do responsable da sanidade galega** comeza destacando que a Xunta pasou de 6 unidades e 20 persoas para o rexistro dos documentos de instrucións previas a un total neste momento de 92 unidades e 110 persoas. A carta do conselleiro vai acompañada dun informe detallado do Rexistro Galego de Instrucións Previas sobre Coidados e Tratamento da Saúde, no que admiten a demora na incorporación dos documentos ás historias clínicas das persoas, “eso non impide, din textualmente, o respecto e aplicación das instrucións, xa que non hai demora para aquelas inscricións que teñen carácter urxente ou preferente”.

EXPANSIÓN

Extracto do plan estratéxico de DMD Federal (2022-2026)

- Llegar a la ciudadanía.
- Más personas asociadas.
- Mayor participación de las personas asociadas.
- Modelo de grupos.
- Formación del activismo.

O traballo de Expansión quere que a Asociación medre, non só en número de persoas asociadas, tamén a nivel interno busca que máis persoas participen do traballo que se fai en DMD Galicia. Semella evidente que máis persoas asociadas ofrecen máis capacidade económica e máis persoas traballando de xeito activo, esto último amais é fundamental para xenerar un relevamento que faga perdurar a Asociación no tempo.

Chegar á cidadanía.

Unha das liñas principais de traballo para chegar á cidadanía é a organización de actividades de difusión, e establecer relacións con outros colectivos cos que facer actividades conxuntas.

ENERO

Arredor de duascenas persoas reivindicaron no Obradoiro compostelán o Día da Morte Digna en Galicia

Preto de duascenas persoas participaron na xa tradicional reivindicación do doce de xaneiro como Día da Morte Digna en Galicia. O acto celebrouse na simbólica Praza do Obradoiro de Santiago de Compostela, onde a presidenta da DMD Galicia, a doutora Isabel Blanco, esixiu a axilización do proceso eutanásico, que agora

EXPANSIÓN

tarda máis de dous meses. A concentración deste ano contou coa participación de sesenta veciños e veciñas do barrio vigués de Beade, amigos e compañeiros de Laura Fernández Abalde, a compañeira e activista da DMD Galicia falecida a finais de 2024 por eutanásia, nun proceso reducido pola presión persoal e mediática a 21 días. A presidenta de DMD Galicia lembrou, denunciou, que un 37 por cento dos solicitantes de eutanasia faleceron mentres agardaban a autorización pertinente.

Testamento vital e proceso eutanásico para profesionais da sanidade

A presidenta de DMD G e médica xubilada, Isabel Blanco, impartiu no primeiro cuatrimestre do ano unha serie de charlas informativas sobre o testamento vital e a eutanasia, nunhas sesións que se celebraron nos seguintes días e centros de saúde de Vigo: o 21 de xaneiro, o 4 e o 12 de febreiro no centro de saúde da Rúa Cuba; o 6 de febreiro e o 17 de marzo no centro de saúde de Sárdoma. A última destas charlas desenvolveuse no centro de saúde da Doblada.

■ FEBRERO

A xente ateigou a biblioteca da EMAO en Vigo para falar e preguntar sobre a morte digna

Oitenta persoas ateigaron o salón de actos da biblioteca da EMAO en Vigo, ata o punto de que houbo xente que quedou fora, para falar e debater sobre "o dereito á vida e á morte digna". O acto estivo organizado polo Ateneo Atlántico en colaboración coa DMD Galicia, e contou coa participación como ponentes da presidenta de DMD G, Isabel Blanco, a activista Elvira Landín e a médica de paliativos Noa Pazos.

■ MARZO

Case setenta persoas participaron nun acto de DMD Galicia en Lalín



A presidenta de DMD Galicia, Isabel Blanco, e o tesoureiro da asociación, Antón Ocampo, participaron nun acto sobre morte digna e testamento vital organizado polo Círculo de Recreo de Lalín. Arredor de setenta persoas, a maior parte delas mulleres, preguntaron as súas subidas sobre o testamento vital e os dereitos das persoas ao final da súa vida. Isabel Blanco destacou as posibilidades abertas pola LORE, "aínda que en Galicia avanzamos moi despacio, xa que somos a quinta comunidade autónoma pola cola en canto a testamentos vitais rexistrados, 7 persoas de cada mil, moi lone das 24 persoas por cada mil que o asinaron en Navarra".

■ ABRIL



📖 Testamento vital e morte digna a debate en Porriño

A difusión do documento de instrucións previas, ou testamento vital, e da súa importancia para unha morte digna foi o fio conductor do acto celebrado na localidade pontevedresa de Porriño, organizado polo Círculo Recreativo e Cultural da vila en colaboración con DMD Galicia. O acto, ao que asistiron ducias de persoas, contou coa participación como ponentes da presidenta da asociación, Isabel Blanco; o tesoureiro, Antón Ocampo, e a socia Luisa Cuevas.

Información sobre testamento vital e eutanasia na asociación de veciños de Monte Alto, na Coruña

A doutora e activista de DMD Galicia, Carmen Fernández Casabella, informou sobre a lei de eutanásia e o proceso para facer e rexistrar o testamento vital aos asistentes a un acto organizado pola asociación de veciños Atochas-Monte Alto-A Torre. A charla tivo lugar nas instalacións da biblioteca veciñal.

EXPANSIÓN

MAYO

Máis de 70 asistentes a unha charla sobre testamento vital no centro de A Coruña



O Espazo+60 de Afundación-Abanca no centro da Coruña acolleu o que ía ser unha pequena charla de DMD G con grupo de persoas interesadas no proceso eutanásico e no testamento vital, pero a realidade desbordou todas as expectativas. Máis de setenta persoas encheron completamente o salón programado polos organizadores. A presidenta e o secretario de DMD Galicia, Isabel Blanco e Xosé Antón García, debateron cos asistentes, especialmente participativos e interesados no proceso burocrático da elaboración e rexistro do testamento vital.

OCTUBRE

3ª xornada galega sobre a morte digna: Formación, información e empatía, claves para o proceso eutanásico



A asociación DMD Galicia organizou, un ano máis, a Xornada Galega sobre a Morte Digna, que se celebró o once de outubro na Facultade de Psicoloxía da USC, en Santiago de Compostela. 110 persoas inscritas asistiron ás dúas mesas redondas da Xornada.

A primeira mesa, co título "Valoración do sufrimento no contexto eutanásico", estivo a cargo de Ana I.L. Guillén, traballadora social e vogal do Consello de Bioética de Galicia; Carlos Fernandez Fraga, médico de familia; e Irene Esperón, psicóloga da unidade de Cuidados Paliativos do Hospital vigués do Meixoeiro.

A segunda mesa, centrada no papel do traballo social nos dereitos sanitarios ao final da vida, tivo como ponentes a Luisa Andaluz, traballadora social do CHUAC da Coruña e experta en atención paliativa; e María Jesús Lago, traballadora social e Xefa de servizo na área sanitaria de Vigo. Ana I.L. Guillén comezou resaltando a necesidade de información e formación sobre o proceso eutanásico. O veterano paliativista Carlos Fernandez dixo que para ter calidade de vida tamén é necesaria a axuda para ben morrer, engadindo que é necesario alixear de trabas e burocracia a eutanasia. A psicóloga Irene Esperón, que tratou no seu momento á nosa compañeira Laura no servizo de Paliativos de Vigo, sinalou que a avaliación correcta do sufrimento require que o profesional sanitario identifique os seus propios prexuízos e con coa formación necesaria, que integre comprensión, valoración e un efecto terapéutico. A traballadora social Chus Lago destacou tres principios esenciais do traballo social sanitario: a autodeterminación, como dereito das persoas a decidir sobre a súa propia vida, valores e xeito de afrontar a enfermidade; a dignidade humana, vinculada á percepción persoal da calidade de vida e á satisfacción co seu propio estado; e evitar os xuízos de valor, promovendo unha mirada respectuosa e baseada nos valores individuais. Por outro lado, a traballadora social do hospital coruñés CHUAC, Luisa Andaluz, destacou que "temos que aprender a falar, a calar e a acompañar".

NOVIEMBRE

Eutanasia e testamento vital para estudantes de Traballo Social da USC



Máis de corenta rapaces e rapazas, estudantes de Traballo Social da Universidade de Santiago, asistiron a unha charla da presidenta de DMD Galicia, Isabel Blanco, sobre os dereitos ao final da vida, a eutanasia e o testamento vital. Isabel Blanco, coa colaboración do secretario da asociación e un activista compostelán, contestaron ás preguntas que fixeron os mozos, especialmente interesados no papel que lles corresponderá asumir como futuros traballadores sociais no proceso eutanásico.

EXPANSIÓN

DMD Galicia participa nun acto de ALCER para difundir o testamento vital e a morte digna

Máis de cento cincuenta persoas participaron na localidade coruñesa de Bertamiráns, concello de Ames, nas séptimas xornadas de persoas con enfermidade renal de Galicia, organizadas por ALCER coa colaboración do concello. A presidenta de DMD Galicia, Isabel Blanco, e a traballadora social ourensán María Xosé Vázquez, foro as ponentes nunha mesa redonda titulada "Testamento vital ou Documento de Instruções Previas. A miña decisión, o mes deleitó: ética, testamento vital e morte digna".

Presentación en Ferrol da película "Soñando con leóns"



O mal tempo que registraba Ferrol o luns, 17 de novembro de 2025, non impediu que preto de trinta persoas asistisen ao estreno da película "Soñando con leóns" nos cines Duplex da cidade departamental. A colaboración de DMD coa produtora do filme, una produción hispano-portuguesa-brasileira, permitiu que a nosa asociación recuperase o cinefórum como actividade de difusión dos nosos obxectivos. A película aborda, con humor, a historia de Gilda, una muller con cancro de médula espinal que busca a eutanasia.

Especialistas en dano cerebral adquirido piden información nun acto con DMD Galicia

A asociación de dano cerebral adquirido, ALENTO, solicitoulle a DMD Galicia a participación dos seus activistas nun acto celebrado na localidade viguesa de Navia, para recabar información sobre os dereitos das persoas ao remate das súas vidas e sobre o testamento vital. Dezaseis especialistas de ALENTO, psicólogas, traballadoras sociais, terapeutas e persoal de enfermería participaron activamente no acto.

DICIEMBRE

Boa morte e eutanasia, no Club do Mar coruñés

Máis de corenta persoas, a maior parte delas moi novas, participaron activamente nun acto sobre os dereitos sanitarios ao final da vida celebrado no Club do Mar de San Amaro, preto da coruñesa Torre de Hércules. A doutora Carmiña F. Casabella, activista de DMD, e Xosé Antón García Ferreiro, secretario da DMD Galicia, responderon ás preguntas e dúbidas dos asistentes, centradas na súa maior parte nos xeitos de facer e registrar o documento de instrucción previas ou testamento vital.

Acto de DMD G coa asociación de familias de persoas con parálise cerebral, APAMP

A presidenta de DMD G, Isabel Blanco, e a vocal Leo Estevez, médicas as dúas, participaron nun acto informativo en Vigo solicitado pola asociación APAMP (Asociación de Familias de Persoas con Parálise Cerebral. No acto participaron 18 persoas, entre as que había cuatro profesionales do centro que rexe esta asociación.

Máis persoas asociadas.

O día 31 de decembro de 2025 a Asociación DMD en Galicia estaba integrada por 305 persoas asociadas, ao longo do ano producíronse 39 altas e 19 baixas.



29 Lugo +1 persoas asociadas	15 Ourense +3 persoas asociadas	147 A Coruña +7 persoas asociadas	115 Pontevedra +9 persoas asociadas
---------------------------------	------------------------------------	--------------------------------------	--

COMUNICACIÓN

Extracto do plan estratéxico de DMD Federal (2022-2026)

- Ser referente informativo da cidadanía, soci@s e prensa

Comunicados de prensa

- 9 de xaneiro **Comunicado público de DMD Galicia no Día galego da Morte Digna.**


A dirección de DMD Galicia enviou unha nota de prensa a todos os medios de comunicación galegos para reivindicar un ano máis o establecemento do doce de xaneiro, día da morte de Ramón Sampederro, como Día da Morte Digna na comunidade. A propósta chegou ao parlamento autonómico en novembro de 2023, e foi rexeitada pola maioría absoluta do Partido Popular de Galicia e o apoio de toda a oposición. Nesa nota de prensa sulíñábase o feito de que a loita da compañeira Laura Fernández Abalde, falecida na Unidade de Paliativos do Hospital Meixoeiro de Vigo a finais de 2024, demostrou que o proceso eutanásico podía facerse máis rápido dos dous meses habituais, sempre cumprindo a LORE. Laura faleceu por eutanasia aos 21 días de comezar o proceso, despois dunha exemplar loita persoal e mediática. O comunicado de prensa permitiu difundir a loita de DMD en todos os medios de Galicia, axencias, xornais, radios, tv e dixitais .

Roldas de prensa

- 10 de xaneiro **DMD Galicia convocou en rolda de prensa un novo Día galego da Morte Digna.**

A médica e presidenta de DMD Galicia, Isabel Blanco, xunto coa vicepresidenta e o secretario da asociación, realizaron unha rolda de prensa nos locais da cooperativa viguesa "A Morada" para avaliar a situación da morte digna na comunidade e convocar a asociados e simpatizantes a unha nova concentración o día doce de xaneiro na Praza do Obradoiro, para reivindicar un ano máis a declaración institucional da data como Día da Morte Digna en Galicia. A rolda de prensa contou coa presenza dos principais medios de comunicación gálagos, entre os que figuraban representantes de EFE e EUROPA PRESS, TVE G, La Voz de Galicia. Outros medios fixéronse eco da convocatoria a través da vía telefónica ou reproducindo a nota de prensa que fixo pública DMD Galicia. Co recordo de Laura Fernández Abalde na mente de todos, a presidenta, Isabel Blanco, lamentou a lentitude coa que avanza Galicia en materia de dereitos sanitarios ao final da vida. Isabel Blanco lamentou que a duración media de tramitación das solicitudes de eutanasia en 2023 foi de 65 días, "moi por riba dos 35 ou 40 días que establece a lei". A directiva da asociación esixiulle de novo á administración autonómica información axeitada para todo o mundo, e formación suficiente para os profesionais implicados no proceso eutanásico.

- 13 de Xuño **DMD G denuncia en rolda de prensa os retrasos na incorporación dos testamentos vitais ás historias clínicas.**



A directiva de DMD Galicia denunciou de novo en rolda de prensa os retrasos, de ata un ano, da incorporación dos documentos de instrucións previas ou testamento vital ás historias clínicas dos galegos e galegas. A asociación fixo esta denuncia, e outras consideracións, nunca rolda de prensa celebrada nos locais da cooperativa A Morada de Vigo, na que participaron a presidenta de DMD G, Isabel Blanco, o secretario, XA Garcia Ferreiro, e a vocal Neves Núñez. Isabel Blanco asegurou que tamén hai retrasos na tramitación das solicitudes de eutanasia, advertindo que a axuda para morrer "está garantida por unha lei, a LORE, que hai que cumprir ao cen por cen".

COMUNICACIÓN

Aparicións en prensa

- 10 de xaneiro EL ESPAÑOL

[**👉 “Concentración este domingo en Santiago para pedir que el 12 de enero sea el Día de la Muerte Digna”**](#)

La iniciativa, presentada este viernes por la organización Derecho a Morir Dignamente, busca conseguir el reconocimiento institucional de esta fecha en Galicia después de que en 2023 fuese rechazada por el PP en la Cámara gallega.

- 11 de xaneiro FARO DE VIGO

[**👉 “Muerte Digna: «65 días de media para la eutanasia es un aumento cruel del sufrimiento»”**](#)

La organización reclama agilizar los plazos para autorizar la ayuda para morir | El 37% fallece durante la tramitación | Solo uno de cada 200 gallegos cuenta con testamento vital.

- 12 de xaneiro GALICIA PRESS

[**👉 “Derecho a Morir Dignamente reclamará en Santiago el 12 de enero como Día de la Muerte Digna”**](#)

Así lo han señalado responsables de DMD en rueda de prensa este viernes en Vigo, insistiendo en la necesidad de este reconocimiento para “hablar de un tema tabú” como es, según ha considerado, la muerte.

- 22 de xaneiro

[**👉 “Más de 5.600 galegos piden a eutanasia cando asinan o testamento vital”.**](#)

As cifras oficiais da consellería de Sanidade e as informacions facilitadas por DMD Galicia amparan a ampla Información publicada polo diario “Faro de Vigo”, que titula de xeito rotundo: “Acelerón do testamento vital: pasan de vinte mil despois da maior subida en dez anos”. A reportaxe do xornal galego, asinada por C.Villar, detalla os 13.146 documentos de instrucións previas que había no 2021, ano de aprobación da LORE, aos 17.217 rexistrados en 2023 e os 20.104 anotados en 2024. Nos últimos dous anos con cifras oficiais, o 79 por cento das persoas que asinan un documento de instrucións previas solicitan a eutanasia se fose necesario. A consellería de Sanidade di que este incremento débese en grande medida ás maiores facilidades para facer e formalizar o testamento vital.

- 11 de marzo TELEVIGO

[**👉 “É esencial ter asinado o testamento vital”**](#)

Isabel Blanco, presidenta de DMD Galicia, participou no programa “La entrevista”, que emite todos os martes a cadea de televisión local TELEVIGO, conducido pola xornalista Leticia Francisco. Na media hora de duración da entrevista, a presidenta de DMD Galicia destacou o traballo da asociación na difusión do documento de instrucións previas, ou testamento vital, como esencial para garantir os dereitos das persoas ao final da súa vida. A entrevista completa pode verse na páxina web de TELEVIGO ou no seu espazo en YOUTUBE.

- 11 de xuño ATLÁNTICO DIARIO

[**👉 “Igual que decides as cousas da vida, elixes como queres o final”.**](#)

O xornal vigués “Atlántico Diario” publicou unha reportaxe sobre a actividade mensual de difusión do testamento vital que DMD Galicia mantén en Vigo. A actividade celébrase todos os segundos martes de cada mes, pola tarde, nos locais da cooperativa viguesa “A Morada”. Como ven sendo habitual, a charla do martes de xuño na que foi realizada a reportaxe, a presidenta de DMD Galicia, Isabel Blanco, contestou ás preguntas que fixeron as doce persoas asistentes. Isabel Blanco subliñou a pouca difusión oficial do testamento vital ou documento de instrucións previas, “si vas a calquera centro de saúde non hai ningún tipo de información, está cheo de anuncios sobre as vacinas, sobre a hixiene das mans e moitas outras cousas, pero non hai nada sobre o testamento vital”,

- 9 de xullo

[**👉 “Cuatro años de eutanasia en Galicia: 134 solicitudes y 50 mortes asistidas. Faro de Vigo”**](#)

O xornal “Faro de Vigo”, con informacions da Xunta de Galicia e de DMD G, publicou unha reportaxe avaliando a incidencia da lei de eutanásia na nosa comunidade. Segundo o xornal vigués, desde que entrou en vigor a LORE, en xuño de 2021, solicitaron a eutanasia en Galicia un total de 134 persoas, das que recibiron a prestación únicamente cincuenta delas, é dicir, o 37 por cento das demandadas. “Faro de Vigo” suliña tamén que xa son 5.600 as persoas que deixaron por escrito que, se chega o caso, desexan que lles sexa aplicada a eutanasia.

COMUNICACIÓN

- 11 de Outubro

“A eutanasia e os cuidados paliativos son totalmente complementarios, di a presidenta de DMD Galicia”


Catro anos despois da entrada en vigor da LORE, e aproveitando a celebración da Terceira Xornada sobre morte digna organizada pola DMD G en Santiago, os xornais “Faro de Vigo” e “La Opinión de A Coruña” entrevistaron á presidenta da asociación, Isabel Blanco. No mesmo día da celebración do Día Mundial dos Servicios Paliativos, a directiva de DMD G sulíña que o dereito á eutanasia e os cuidados paliativos non son excluintes entre si, senón totalmente complementarios. “Nos países que levan vinte anos ou mais coa eutanasia, dixo Isabel Blanco, o número de decesos cunha axuda directa para morrer está entre un 4 e un 5 por cento, en España estamos no 0,7 por cento”. A presidenta de DMD G tamén reivindicou de novo a creación dun Observatorio Galego da Morte Digna.

ATENCIÓN PERSONALIZADA

Extracto do plan estratéxico de DMD Federal (2022-2026)

- Mellorar a atención personalizada e manernos como referentes na defensa do dereito á eutanasia e dos dereitos ao final da vida.
- Seguir ofrecendo información e asesoramento básicos a toda a poboación.

Asesoramiento en Galicia

DMD Galicia ofreceu, un ano máis,  **asesoramento gratuito** a todas as persoas que o solicitaron, aínda que a atención máis específica e personalizada, que normalmente require máis recursos, fíxose unicamente para persoas integradas na asociación.

O grupo de atención personalizada estivo composto por catro persoas en 2025, (a finais de 2024 faleceu a quinta persoa deste equipo, a nosa compañeira Laura Fernández Abalde). As restantes persoas deste equipo foron Isabel Blanco (actual presidenta), Alexandra Sanmarful (actual vicepresidenta) e as vocais Dolores Pazo e Leo Estevez. As catro integrantes son profesionais sanitarias, tres delas en activo.

Case todos os casos foron atendidos electrónicamente, a través do correo electrónico da asociación en Galicia, aínda que nalgúns casos houbo logo intercambio de chamadas telefónicas. En total, o equipo de DMD G atendeu en 2025 un total de 78 consultas, a maior parte delas feitas por persoas que non eran integrantes da asociación.

A maior parte desas consultas, un total de 40, foron de persoas que querían saber como facer o seu testamento vital, ou documento de instrucións previas, e onde deberían rexistralo. Varias persoas querían saber porque o seu documento non figuraba aínda na súa historia clínica, algo demasiado frecuente na comunidade autónoma galega. A eutanasia motivou un total de doce consultas, algunhas delas de asociados de DMD Galicia ou de parentes das persoas afectadas; neste caso querían saber como e onde solicitala. Tamén houbo algunha consulta relacionada con cuestións non acordes cos obxectivos de DMD e coa actual Lei Orgánica de Regulamentación da Eutanasia, LORE. Os dereitos sanitarios das persoas ao final da súa vida motivaron tamén outras dezaoito consultas, e a información sobre a estrutura e obxectivos da DMD outras 8.



A atención personalizada tamén foi realizada durante 2025 nun punto de información ubicado en Vigo, a cidade máis poblada de Galicia. A atención faise habitualmente os segundos martes de cada mes (agás o mes de agosto), a partir das seis da tarde e durante o tempo que sexa necesario. O acto faise na Cooperativa A Morada de Vigo, na Rúa Enrique Macías, 6; esta cooperativa colabora desde hai anos coa DMD, cedendo os seus medios e locais para roldas de prensa, atención personalizada e calquera outra actividade similar.

Fora desta estadística habería que engadir os casos que se atenden de xeito persoal nos actos de difusión do testamento vital, casos abundantes que nalgunhas ocasións sirven para cumprimentar os impresos necesarios para levar os testamentos vitais aos registros pertinentes.

XESTION INTERNA

Asamblea de socias e socios de DMD Galicia

Dezanove persoas participaron na asamblea ordinaria de DMD Galicia, correspondente ao ano 2024, na que foron aprobadas por unanimidade a Memoria e as contas da asociación, amais das actas das asambleas celebradas en abril do ano pasado. A presidenta detallou as actividades realizadas pola asociación ao longo do ano, centradas na difusión e promoción do testamento vital; mentres que a vicepresidenta deu conta das actividades realizadas polas compañeiras de atención personalizada.

Entre os proxectos para os próximos tempos destacan o proxecto de formación sobre os dereitos ao final da vida con colectivos universitarios, ou a posible realización de "cinefóruns" sobre o proceso eutanásico.

Funcionamiento da Xunta Directiva

A directiva de DMD Galicia celebrou reunións mensuais, a maior parte delas de xeito electrónico, e o resto nos locais facilitados habitualmente pola facultade de Filosofía da Universidade de Santiago de Compostela, USC. Estas xuntanzas teñen carácter aberto, buscando unha maior implicación dos integrantes da asociación.

Caixa común da Asociación Federal

Na Asociación Federal temos un acordo polo que compartimos os recursos económicos, todos os ingresos concéntranse nunha Caixa Común que pretende:

- Mellorar o funcionamento da organización empregando os recursos humanos e materiais da federación coa máxima eficacia, diminuíndo custes e poñendo a disposición dos grupos un equipo técnico para diferentes áreas de traballo.
- Descargar aos grupos sen capacidade para contratar a unha persoa para estas tarefas, facilitando o obxectivo fundamental da asociación: a difusión.
- Que todos os grupos teñan capacidade de desenvolver o Plan Estratéxico da Asociación sen que existan diferenzas entre os grupos con maior capacidade económica e os que menos recursos económicos teñen.

A Caixa Común cubre os gastos directos de DMD Galicia e os gastos compartidos da organización, fundamentalmente o equipo técnico e o espazo de traballo. Estes gastos directos de DMD Galicia están claros posto que son os gastos que se poden asignar a Galicia de xeito directo; por outro lado, para calcular a parte do gasto compartido que debe cubrir cada Asociación repártese o montante total do gasto de Federal entre as diferentes Asociacións Federadas de maneira proporcional ao número de persoas asociadas.

Ingresos e gastos de DMD Galicia.

INGRESOS	17.225,00€
GASTOS	15.505,20€

GASTO DIRECTO	2.085,67 €
GASTO COMPARTIDO	13.419,52 €

XESTIÓN INTERNA

As contas de DMD Galicia

En cada un destes epígrafes amósase o gasto total de DMD Galicia, que inclue o gasto directo e o gasto compartido. Detállase ademáis nalgún epígrafe a parte correspondente ao gasto directo.

COMISIÓNS CONTA CORRENTE

153,59€

IMPOSTOS

52,16€

GASTOS PROFESIONAIS

10.887,52€

MATERIAL CORPORATIVO

851,04€

GASTO DIRECTO DE DMD GALICIA:

▶ Revista DMD 631,23€

ESPAZO, SUMINISTROS

1.445,86€

EQUIPAMENTOS, DISPOSITIVOS E COMUNICACIÓNS

40,40€

MATERIAIS DE OFICINA

158,01€

GASTO DIRECTO DE DMD GALICIA:

▶ Reprografía e telefonía 82,33€

ACTIVIDADES

1.372,11€

GASTO DIRECTO DE DMD GALICIA:

▶ Gastos de organización e desenvolvemento de actividades 1.372,11€

OUTROS GASTOS AFDMD

544,51€

XESTIÓN INTERNA

Coordenación e integración en DMD Federal

DMD Galicia forma parte da Asociación Federal Derecho a Morir Dignamente, que integra a todas as Asociacións Autonómicas de DMD e todos os Grupos Locais en territorios que non dispoñen dunha Asociación Autonómica. Por un lado forma parte da Xunta Directiva de DMD Federal e participa da toma de decisións, por outro intégrase en todos os grupos de traballo e participa das actividades que se organizan, así como da súa Asambleas.

Dentro da estrutura da Xunta Directiva da AFDMD creouse unha Executiva, órgano formado pola Presidencia, Vicepresidencia, Secretaría, Tesoureiría, e a Vocalía de Comunicación que xestiona a Asociación no día a día, así como temas de persoal.

■ Xunta Directiva

En 2025 a Directiva de DMD Federal reuniuse en 8 ocasións.

As dúas primeiras serviron para avaliar o resultado do traballo da comisión creada para modificar o contido do Testamento Vital de DMD, e estudar unha proposta interna dos Grupos Locais de Castela e León para modificar o Plan Estratéxico. Na primeira estiveron presentes Alexandra Sanmarfull, Isabel Blanco e Antón Ocampo, e na segunda Isabel Blanco.

As tres seguintes reunións, posteriores á dimisión do Presidente de Federal, serviron para tratar de entender os motivos da dimisión, avaliar a situación e planificar o percorrido ata a renovación da Executiva, establecendo tamén un diálogo interno sobre cuestións de funcionamento que se podían revisar e mellorar. Na primeira estiveron Dolores Pazo, Antón Ferreiro e Isabel Blanco, e na segunda e na terceira estivo Isabel Blanco. As seguintes reunións serviron para analizar a sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Catalunya sobre o caso Noelia, reorganizar o funcionamento da Xunta Directiva Federal e decidir sobre asuntos relativos ao traballo en curso e a xestión cotián da Asociación. En todas elas estivo presente Isabel Blanco.

As seguintes reunións serviron para analizar a sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Catalunya sobre o caso Noelia, reorganizar o funcionamento da Xunta Directiva Federal e decidir sobre asuntos relativos ao traballo en curso e a xestión cotián da Asociación. En todas elas estivo presente Isabel Blanco.

■ Asambleas da AFDMD

O 29 de marzo convocouse unha Asamblea Extraordinaria para ofrecer información sobre a herdanza feita por unha socia de Madrid á Asociación de Madrid.

En xuño realizouse a Asamblea Ordinaria de Socios e Socias da Asociación Federal, no caso de Galicia acude a Directiva en representación de socios e socias de Galicia. Ademais de aprobar o [📄 balance económico de 2024](#), [📄 presupostos para 2025](#) e [📄 a memoria de DMD Federal de 2024](#), nesta Asamblea faise resume das Xornadas realizadas en Oviedo, unha avaliación do terceiro ano da Lei de Eutanasia e comeza un debate interno sobre o suicidio por vida cumprida. A esta Asamblea acuden Isabel Blanco, Leonor Estévez e Antón G. Ferreiro. Nesta Asamblea produciuse a dimisión do presidente de Federal, Javier Velasco. Este feito abriu un proceso interno para renovar os cargos da Executiva que se consuma cunha única candidatura e que se aproba na Asamblea realizada o 10 de outubro no contexto do Encontro de DMD. Nesta Asamblea estiveron Isabel Blanco, Alexandra Sanmarful e Antón G. Ferreiro. A composición da nova Executiva é:

Loren Arseguet | Presidenta (DMD Madrid),
Fernando Marín Olalla | Vicepresidente (DMD Madrid)
Elisa Casas | Secretaria (DMD Valladolid)
Eva Camps Olmedo | Tesourera (DMD Andalucía)
Antón G. Ferreiro | Coordinador de Comunicación (DMD Galicia)

XESTIÓN INTERNA

■ Comisión de traballo sobre Testamento Vital

No Encontro de DMD de outubro de 2024 abriuse un debate sobre o contido do testamento vital de DMD, a preocupación era detallar mellor a petición de eutanasia para situacións de demencia ou Alzheimer, que son situacións que presentan algunhas complicacións á hora de aplicar o Testamento Vital. Fíxose unha proposta nese momento e en 2025 comezouse un traballo en comisión que rematou en setembro dese mesmo ano.

O resultado dese traballo trasladouse aos modelos de cada Comunidade Autónoma, no caso de Galicia editouse unha versión para formalizalo diante da administración e actualizouse o espazo da páxina web destinado a ofrecer información sobre este documento en Galicia. Modificouse tamén o modelo de testamento vital diante de 3 testemuñas, para adaptalo ao novo formato do SERGAS

■ Encontro DMD



O encontro DMD é unha cita presencial de traballo interno á que acuden persoas de todas as Asociacións e Grupos Locais de DMD. O traballo desenvólvese ao longo dun día enteiro dividido en varias sesións nas que se abordan diferentes temas de interese para a organización. En 2025 tivo lugar a terceira edición, á que acudiron en representación de DMD Galicia Isabel Blanco, Alexandra Sanmarful e Antón G. Ferreiro.

Nesta edición todas as sesións centráronse en cuestións de funcionamento interno, ¿como deb en funcionar a XD e a Executiva?, mecanismos de información e coordinación do equipo técnico, ¿quén e cómo se xestionan os recursos humanos?, modelo de traballo por proxectos, etc... Neste Encontro desenvolveuse unha Asamblea Extraordinaria para renovar a Xunta Directiva de Federal.

■ Formación básica da AFDMD

Desde 2023, a Asociación Federal organiza unha formación anual para activistas de todo o Estado, esta formación organízase de xeito conxunto, coa participación das Asociacións Autonómicas e Grupos Locais. DMD Galicia, a través de Isabel Blanco, forma parte deste grupo de traballo e que desenvolveu a segunda edición en marzo de 2025, na que houbo máis de 70 persoas inscritas. 6 persoas asociadas a DMD Galicia fixeron este curso.

■ Revista DMD



A Revista da Asociación **Derecho a Morir Dignamente** é un espazo de reflexión e coñecemento onde se abordan os dereitos ao final da vida desde unha perspectiva ética, legal e humana. A través de artigos asinados por profesionais da saúde, xuristas, especialistas en bioética e filosofía, a revista converteuse nunha referencia imprescindible no noso país para a liberdade de elección ao final da vida. Organízase cun grupo de redacción no que teñen cabida todas as Asociacións Autonómicas e os Grupos Locais. Antón G. Ferreiro representa a DMD Galicia.

Luis Pardo, redactor da edición galega do dixital "eldiario.es", foi o primeiro xornalista que difundiu a loita da nosa compañeira Laura Fernández Abalde para acadar en tempo e forma a súa eutanásia. Luis confesou que él nunca ía ser o mesmo despois da longa entrevista que mantivo con Laura no servizo de Paliativos do Hospital Meixoeiro de Vigo.

Desde DMD Galicia pedímoslle a Luis que reflexase esa experiencia e as súas impresións e emocións nun texto para a revista da asociación. O texto foi publicado no número 93 da revista de DMD, correspondente ao primeiro semestre de 2025, baixo o título: "Laura se lo había pensado bien". O artigo revela a emoción coa que Luis abordou a súa visita á unidade viguesa onde estaba ingresada Laura: "En tres décadas de profesión nunca me había visto en una situación como esa. La conversación que Laura y yo mantuvimos aquel día sigue en mi móvil. 34 minutos y 36 segundos". "En nuestra charla, sigue el texto de Luis Pardo, pronto pude ver que estaba ante una persona excepcional, no como frase hecha sino, como diría la RAE, alguien que se aparta de lo ordinario. Nada en su vida lo había sido, no podía serlo tampoco el desenláce". Nun dos últimos parágrafos do texto, o redactor de "eldiario.es" sinala que "En Galicia, a eutanasia tarda como media 40 días. Ela conseguiu en 20. A sendeirista gañou a súa última carreira".



#LIBRES

HASTA EL

FINAL

ASOCIACIÓN DERECHO A
MORIR DIGNAMENTE